# BASES CERTAME DE NOVELA INFANTIL

# JAIME OLMEDO LIMESES

AVIGAL xunto con Antela Editorial convoca o I Premio de Literatura Infantil en Lingua Galega Jaime Olmedo, dotado con 3000€, que se rexerá polas seguintes BASES:

1. Os textos presentados serán inéditos, en lingua galega e totalmente orixinais. Sen uso de IA tanto total como parcialmente.

2. Presentaranse os orixinais en pdf, escritos a dobre espazo, tipografía Arial 12, xustificación completa, e un máximo de 14 000 palabras. Cubrirase o formulario debidamente antes do día 10 de xaneiro de 2025 na seguinte dirección:

https://www.certameliterariojaimeolmedolimeses.com/

3. Xunto co orixinal, presentado baixo lema e sen ningún tipo de dato identificativo, cubrirase a plica electrónica co nome completo, DNI, enderezo e teléfono do autor/a, así como o título, cunha breve sinopse e biografía da autora ou autor. A plica da obra gañadora abrirase en presenza do xurado participante.

4. O prazo de recepción de orixinais remata o 10 de xaneiro de 2025.

5. O veredicto do xurado terá lugar no mes de marzo. O premio poderá ser declarado deserto no caso de que o xurado así o estime, e a decisión será inapelable.

6. A entrega do premio terá lugar o día 17 de maio conmemorando o día das Letras Galegas, na festa do Premio Avigal de Literatura Infantil e Xuvenil.

7. Antela Editorial, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá

publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. A primeira edición do libro estará libre do pagamento de dereitos de autor/a. O beneficiario/a do premio recibirá gratuitamente vinte exemplares da obra publicada. O premio estará suxeito á retención fiscal vixente no momento da entrega do premio.

8. Se no prazo de 5 días hábiles non se logra localizar o premiado/a mediante os datos proporcionados, o premio recaerá sobre a seguinte novela cualificada polo xurado.

9. Os orixinais non premiados non se devolverán e serán destruídos e Antela reserva para si o dereito de publicación, sempre e cando as partes se poñan de acordo.

10. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases e as decisións do xurado asignado para tal efecto.